



**FEDERACIÓN DE SANIDADE E SECTORES
SOCIOSANITARIOS**

sanidade.sn@galicia.ccoo.es
<http://www.sanidad.ccoo.es/galicia>

CCOO logra que o cambio de quenda do persoal de enfermería e TCAE das unidades de hospitalización, urxencias e UCI do Hospital Vithas Fátima Vigo se computen como parte da súa xornada anual

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deulle la razón ao sindicato e considera que o cambio de quenda para o persoal de enfermería e TCAE nas unidades de hospitalización, urxencias e UCI do Hospital Vithas Fátima Vigo forma parte da xornada efectiva de traballo, polo que ten que computarse a efectos da súa xornada anual.

A Sección Sindical de Comisións Obreras de Vithas Vigo tiña obtido unha sentenza favorable a súa demanda reivindicando o recoñecemento, como xornada efectiva de traballo, do tempo que o persoal de enfermería emprega en transmitir a información sobre a situación dos doentes que atende nos cambios de quenda.

Agora o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ven de refrendar esta sentenza desestimando o recurso que a empresa tiña interposto contra a mesma.

Execución da sentenza

CCOO pídelles á empresa que acate a sentenza e faga que os efectos da mesma sobre o cómputo de xornada deste persoal se apliquen desde a data da mesma, sen obrigar a solicitar a súa execución.

María Teresa Rodríguez Graña

Delegada sindical CCOO Vithas Fátima Vigo

Tlf: 687 578851